



DATOS IDENTIFICATIVOS

Decisións de investimento

Materia	Decisións de investimento			
Código	V03G720V01323			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Inglés			
Departamento	Economía financeira e contabilidade			
Coordinador/a	Garrido Valenzuela, Irene			
Profesorado	Garrido Valenzuela, Irene			
Correo-e	ireneg@uvigo.es			
Web	http://https://fprado.webs.uvigo.es/			
Descrición xeral	<p>Nesta materia preténdese dotar os estudantes dos coñecementos teóricos necesarios e a capacidade analítica para realizalas tarefas correspondentes a xestión financeira, especialmente na análise da liquidez a curto prazo e avaliación de rendibilidade de investimentos. Os coñecementos adquiridos serven como base previa para afrontar o estudo doutras materias do Grao na área de Finanzas.</p> <p>Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
(*)Coñece-los principios básicos da xestión financeira de empresas	
(*)Coñece-lo obxectivo financeiro e a súa relación coa actividade da empresa	
Identificar e estimar a estrutura financeira adecuada en función do ciclo de explotación e actividade da empresa	
(*)Coñecer o concepto de investimento e o seu interrelación coa estrutura financeira e obxectivo financeiro	
(*)Coñecer e estimar as variables que inflúen nun investimento e aplica-las principais técnicas analíticas para determinar a rentabilidade dos investimentos	
(*)Interpretar e dar a coñecer os diferentes resultados obtidos na avaliación e rentabilidade de investimentos	
(*)Aplicar ferramentas informáticas na resolución de supostos prácticos de xestión financeira empresarial	
(*)Coñecer e valorar a incidencia do risco na rentabilidade dos investimentos	

Contidos

Tema

Fundamentos da xestión financeira da empresa	<ul style="list-style-type: none"> - A función financeira da empresa: Evolución histórica das finanzas. O obxectivo financeiro. Competencias da función financeira da empresa. - A estrutura económico financeira da empresa: Os fluxos financeiros na empresa. O equilibrio entre as masas patrimoniais: o concepto de Fondo de Rotación. Os ciclos de actividade da empresa e o Período medio de Maduración. Principais cocientes para a análise económica-financeiro. - Metodoloxía de cálculo financeiro aplicable nas decisións de investimento
Concepto e clases de investimentos	Efectos do tempo sobre o valor do diñeiro: a inflación e o tipo de interese. Valor futuro do diñeiro: operacións de capitalización. Valor actual do diñeiro: operacións de actualización. Cálculo de rendas.
Factores determinantes dun investimento	Concepto de investimento. Clasificación investimentos na empresa. implicacións dos investimentos para a empresa.
Avaliación de investimentos	Principais magnitudes para avaliar a rendibilidade dos investimentos. Estimación de fluxos de tesouraría
Interpretación e toma de decisións de investimento	Métodos estáticos de selección de investimentos. A taxa de actualización ou custo de capital da empresa. O criterio do valor capital. O criterio da TIR.
	<ul style="list-style-type: none"> - Xerarquización de proxectos en base ao valor capital e TIR: Condicións para a non concordancia entre ambos e punto de Fisher. Comparación da rendibilidade de varios investimentos: a homoxeneización. A inconsistencia da TIR. - A consideración do risco nas decisións de investimento - Metodoloxías complementarias

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas con apoio das TIC	13	20	33
Resolución de problemas	7	6	13
Resolución de problemas de forma autónoma	0	10	10
Lección maxistral	30	58	88
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	4	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas con apoio das TIC	Proposta de problemas complexos da materia. Explicación e uso de ferramentas informáticas aplicadas a resolución de problemas financeiros. Introducción de datos, estrutura e aplicación de funcións financeiras. Presentación e análise de resultados
Resolución de problemas	Formulación e resolución de supostos prácticos que complementen a sesión maxistral e permitan que os alumnos consoliden coñecementos. Os alumnos poden interactuar co profesor a través de preguntas que se responderán de maneira personalizada.
Resolución de problemas de forma autónoma	Os alumnos resolverán supostos propostos ao longo do cuadrimestre de maneira autónoma.
Lección maxistral	Exposición na aula por parte do profesor dos contidos máis relevantes, a partir da base de material docente posto a disposición dos alumnos en plataforma e bibliografía indicada.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas con apoio das TIC	Resolución de problemas con apoio informático
Resolución de problemas	Solución de dúbidas na resolución de exercicios prácticos

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Exame de preguntas de desenvolvemento	Avaliación continua a través de exames de preguntas de desenvolvemento con resolución de proba escrita presencial, sobre a adquisición de competencias da materia (80%). Sumaranse á entrega de exercicios resoltos (20%). Os alumnos poderán optar entre avaliación continua (100% nota final), ou de maneira alternativa, avaliación global de toda a materia nos exames finais e fin de carreira das convocatorias oficiais (100% nota final). Sistema de avaliación continua: Realizaranse ao longo do curso 2 probas, cunha ponderación do 40% e 40% respectivamente. A elas sumaranse a entrega de exercicios resoltos (20%). Os estudantes poderán optar entre avaliación continua ou avaliación global a través de exame final (100%). Non hai data límite para comunicar a decisión entre avaliación continua ou final. Nos exames finais non se conserva a nota de avaliación continua e necesariamente haberá que realizar un exame final global co 100% da cualificación.	80
Resolución de problemas e/ou exercicios	Unicamente para avaliación continua, entrega de exercicios que sumarán á cualificación dos exames de preguntas de desenvolvemento para obter o 100% da cualificación	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado poderá elixir ser avaliado mediante o sistema de avaliación continua (AC), ou alternativamente optar por unha proba de Avaliación Global (AG). A avaliación por defecto é a AC. O alumnado poderá elixir AG segundo o procedemento e o prazo establecido polo centro. A elección de AG supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose mediante as actividades de EC que resten e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que xa se realizaron.

AC. En caso de non renunciar á avaliación continua: Sistema de avaliación continua: Realizaranse ao longo do curso 2 probas, cunha ponderación do 40% e 40% respectivamente. A elas sumaranse a entrega de exercicios resoltos (20%). Non se esixe nota mínima nas partes e para superar a materia esíxese que a suma das notas sexa maior ou igual a 5 puntos. A asistencia ás clases prácticas e teóricas non é obrigatoria para asistir ás probas de AC. Considerarase que o alumnado se ha presentado á avaliación continua cando se presentou a algunha de próbalas/actividades de avaliación desta modalidade. Nas probas finais de AG non se conserva a nota de AC e necesariamente haberá que realizar un exame final global co 100% da cualificación. Non é necesario comunicar a asistencia ou renuncia á AC. Xustificarse coa asistencia, conservando o dereito á AG. A asistencia á AG implica a renuncia ás cualificacións previas de AC.

AG en primeira oportunidade (convocatoria de febreiro I cuadrimestre/convocatoria de maio-xuño II cuadrimestre). O alumnado será avaliado mediante exame de preguntas de desenvolvemento con resolución de proba escrita presencial, sobre a adquisición de competencias da materia (100%). Para aprobar a materia requírese unha puntuación mínima de 5 puntos.

AG na segunda oportunidade (convocatoria extraordinaria de xullo) e na convocatoria de Fin de Carrera, o alumnado será avaliado mediante exame de preguntas de desenvolvemento con resolución de proba escrita presencial, sobre a adquisición de competencias da materia (100%). Para aprobar a materia requírese unha puntuación mínima de 5 puntos.

Os estudantes que non participen na AC nin na AG, figurarán nas actas como [non presentados]. Recoméndase ao alumnado ter en conta o Título VII (Do uso de medios ilícitos), do Regulamento sobre a Avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/normativa/documento/downloadbyhash/4904ced4d24eb81fe5715ddde2c48c59c0a7c4d624cd0e7491df7a753985ccfa>)

As datas e horas das probas de AG (de primeira e segunda oportunidade) son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2023/24. En caso de conflito ou disparidade entre as datas de exames, prevalecerán as publicadas na web da facultade, <http://fccee.uvigo.es/organizacion-docente.html>.

Información sobre horario de titorías e xeito de solicitude en Moovi

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Pindado García, J., **Finanzas empresariales**, PAraninfo, 2012

Moovi, **Material teórico y práctico**,

Brigham, E.F. and Erhardt, M, **Financial management: theory and practice**, South western Thompson learning, 2002

Bibliografía Complementaria

Irene Pisón Fernández, **Dirección y gestión financiera de la empresa**, Pirámide, 2001

Blanco Ramos, F. y Ferrando Bolado, M., **Dirección Financiera I. Selección de inversiones.**, Pirámide., 2008

Cibrán Ferraz, P. y Villanueva Villar, M., **Gestión financiera : teoría y casos prácticos**, Tórculo., 2005.

Fernández Alvarez, A.I., **Introducción a las finanzas.**, Civitas, 1994

Hayat, S. y San Millán, A., **Finanzas en excel.**, McGraw Hill, 2006

López López, V.; Illanes Sánchez, J.C., **Casos de Economía de la Empresa: modelos y soluciones con excel**, Netbiblo, 2002

Mascareñas Pérez Iñigo, J., **Finanzas para directivos**, Pearson, 2010

Suárez Suárez, A.S., **Decisiones óptimas de inversión y financiación**, Pirámide, 2014

Valladolid González, E.; Azofra Palenzuela, V., **Prácticas de Dirección Financiera**, Pirámide, 2002

Valls Martínez, M^a del Carmen, **Introducción a las Finanzas**, Pirámide, 2014

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Análise contable/V03G020V01601

Decisións de financiamento/V03G020V01501

Valoración de activos/V03G020V01604

Planificación financeira/V03G020V01702

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Contabilidade financeira II/V03G020V01401

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Empresa: Matemática das operacións financeiras/V03G020V01202

Empresa: Contabilidade financeira I/V03G020V01301

Outros comentarios

Esta materia no PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas-Grao en Dereito impártese no 2º cuadrimestre do 3ºCurso e a profesora responsable é a Dra. Irene Garrido Valenzuela